

**Ensinanzas de idiomas**

**Pruebas de clasificación**

# Índice

1. Introducción.....	2
2. Normativa e aplicación .....	2
3. Guía de elaboración e estrutura da proba de clasificación.....	4
3.1. Propósito xeral da proba.....	4
3.2. Partes da proba e duración .....	4
3.2.1. Comprensión de lectura.....	4
3.2.2. Expresión e interacción escrita.....	5
3.2.3. Expresión e interacción oral.....	5
3.3. Descritores.....	5
3.4. Calendario e procedemento de distribución das probas.....	5
4. Especificacións para a elaboración das probas.....	7
4.1. Comprensión de lectura.....	7
4.2. Expresión e interacción escrita.....	8
4.3. Comprensión oral .....	9
4.4. Expresión e interacción oral .....	10
5. Anexos.....	11

# 1. Introducción

As probas de clasificación teñen por obxectivo identificar o nivel de dominio no idioma da persoa candidata, que desexe matricularse nas escolas oficiais de idiomas de Galicia nun nivel superior ao 1º curso de nivel básico. Ditas probas estarán destinadas só ao novo alumnado.

Os resultados da proba manterán a súa validez durante dous cursos académicos en calquera das escolas oficiais de idiomas de Galicia.

Cómpre ter en conta que o traballo do profesorado consiste unicamente en identificar o nivel das persoas candidatas.

## 2. Normativa e aplicación

Os artigos 59 ao 62 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regulan as ensinanzas de idiomas de réxime especial, que se imparten nas escolas oficiais de idiomas, e as estruturan en tres niveis: básico, intermedio e avanzado. Así mesmo o artigo 62.1 establece que o título de bacharelato habilitará para acceder directamente aos estudos de idiomas de nivel intermedio da primeira lingua cursada no bacharelato.

O artigo 2.1 do Real Decreto 1629/2006, do 29 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo de ensinanzas de idiomas de réxime especial establecidas reguladas pola LOE, establece que as ensinanzas de nivel básico de idiomas terán as características e organización que as administracións educativas determinen, e no seu artigo 3.7 sinala que as administracións educativas regularán as condicións nas que poidan incorporarse a calquera curso dos niveis intermedio e avanzado dun idioma quen acredite o dominio das competencias suficientes en dito idioma.

Así se recolle no Decreto 191/2007, do 20 de setembro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas de idiomas de réxime especial e os currículos dos niveis básico e intermedio para a Comunidade Galega, no artigo 15, punto 4.

En consecuencia cómpre adoptar as medidas oportunas que permitan dar resposta ás persoas que acceden ás ensinanzas de idiomas de réxime especial con diferenzas significativas no seu nivel de coñecemento do idioma, dacordo cos seguintes puntos:

1. As escolas oficiais de idiomas (EOI) da comunidade autónoma de Galicia ofertarán probas de clasificación de todos os idiomas que impartan das ensinanzas de idiomas de réxime especial.
2. As citadas probas de clasificación terán como obxectivo determinar para cada persoa que as realiza o curso das ensinanzas de idiomas de réxime especial que resulte máis axeitado para a súa incorporación, en función dos coñecementos que posúa.
3. Estarán exentos de realizar as probas de clasificación e, polo tanto, terán acceso directo ao curso que corresponda, as persoas que posúan os estudos de idiomas que se recollan na normativa vixente, sempre dentro dos condicionamentos que esa norma estableza, en particular en relación coa dispoñibilidade de prazas nas EOI.
4. Poderá realizar as probas de clasificación o novo alumnado que vaia optar polas ensinanzas de réxime especial presencial nas EOI.
5. Os aspirantes ás probas de clasificación deberán ter, dacordo co artigo 59.2 da Lei Orgánica de Educación, dezaseis anos no momento da inscrición nestas se se trata do primeiro idioma cursado no ensino secundario obrigatorio, e catorce anos de non ser así.
6. As probas de clasificación celebraranse nas escolas oficiais de idiomas, e, de ser o caso, nas súas seccións.
7. A incorporación ao curso que corresponda ao nivel de coñecementos amosado na proba de clasificación estará supeditada á dispoñibilidade de prazas nas EOI.

8. A incorporación, tras a realización da proba de clasificación, a un curso superior ao primeiro de nivel básico non é equivalente á avaliación positiva dos cursos inferiores. Non obstante, a superación do curso ao que se teña acceso tras a realización da proba de clasificación si será equivalente á avaliación positiva nos cursos inferiores.  
En todo caso, será posible volver a matricularse no mesmo curso ao que se tivo acceso pola proba de clasificación cando se obtivese nel unha avaliación final negativa, de acordo co límite de convocatorias que a correspondente normativa teña establecido.
9. As probas serán elaboradas polos departamentos didácticos das EOI aos que corresponda.
10. As probas de clasificación elaboraranse aténdose á estrutura especificada nesta guía de elaboración, administración e avaliación das probas de clasificación.
11. A duración total da proba establecerase en función das especificacións para a elaboración das distintas partes da proba establecidas nesta guía, e será valorada dacordo co baremo que se establece na mesma.
12. As datas de inscrición nas probas de clasificación serán os oito primeiros días do mes de setembro de cada curso.
13. Para formalizar a inscrición as persoas candidatas deberán presentar a seguinte documentación no centro onde desexen facer a proba e cursar as ensinanzas de idiomas de réxime especial:
  - Resgado de aboamento das taxas.
  - Impreso de inscrición debidamente cumprimentado.
  - Fotocopia do DNI ou pasaporte.
14. A proba de clasificación de cada idioma terá lugar nas EOI nos horarios e datas que cada ano se determinen.
15. Poderanse realizar probas de clasificación fóra de prazo en casos debidamente xustificadas en idiomas como Español para estranxeiros.
16. A elaboración e administración das probas de clasificación, así como a avaliación das mesmas, será responsabilidade dos distintos departamentos de idiomas das EOI, segundo a estrutura e baremo que se establecen nesta guía.
17. Os resultados das probas de clasificación, que consistirán na expresión do curso ó que se dá acceso (2º de nivel básico (NB2), 1º de nivel intermedio (NI1), 2º de nivel intermedio (NI2), 1º de nivel avanzado (NA1) e 2º de nivel avanzado (NA2)), deberánse facer públicos dentro dos sete días naturais seguintes á celebración de cada proba.  
Se o resultado da proba de nivel non lle concede ao alumno o acceso a un curso superior a 1º de nivel básico e, este quere matricularse no 1º curso de nivel básico do idioma no que realizou a proba, terá que someterse ao proceso ordinario de admisión.  
O acceso ao curso acadado mediante a proba de clasificación farase constar no expediente académico do alumno.  
Cando un estudante desexe matricularse nun curso superior a 1º de nivel básico dun idioma, facendo uso do acceso acadado na proba de clasificación, e a matrícula teña lugar nunha EOI diferente da EOI na que realizou esa proba, deberase presentar certificación expedida pola EOI onde realizou a proba, e poderase formalizar a matrícula se houber prazas dispoñibles.
18. Coa finalidade de ter constancia administrativa dos resultados da proba, cada EOI levantará acta de cada unha das probas de clasificación celebradas, que se axustará ao anexo 7 recollido nesta guía, e que firmarán todos os profesores participantes así como a xefatura do departamento correspondente.
19. O procedemento para a resolución das reclamacións será o establecido con carácter xeral para as cualificacións das ensinanzas impartidas nas EOI.
20. As EOI comunicarán á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais os resultados das probas de clasificación cos informes recollidos no anexo 7, que reflectirán para cada idioma o número de solicitantes, o de persoas presentadas e o de persoas que acceden a cada curso, así como unha valoración do procedemento e dos resultados obtidos.

### 3. Guía de elaboración e estrutura da proba de clasificación

#### 3.1. Propósito xeral da proba

A proba de clasificación ten por obxectivo identificar o nivel de competencia das persoas candidatas con vistas a colocalas no curso que lles ofrezca as mellores garantías de progreso na súa aprendizaxe. Para conseguilo, a proba permitirá recoller información das catro destrezas (comprensión oral e de lectura, expresión e interacción oral e escrita). En función dos resultados obtidos, o alumnado poderá acceder a calquera dos seis cursos previstos no currículo.

#### 3.2. Partes da proba e duración

<b>1ª sesión</b> (máximo 2 horas)	Comprensión de lectura Expresión e interacción escrita Comprensión oral	Máximo 30 minutos Máximo 60 minutos Máximo 30 minutos
<b>2ª sesión</b>	Expresión e interacción oral	5 minutos por persoa candidata

##### 3.2.1. Comprensión de lectura e comprensión oral

Os departamentos encargados de elaborar a proba deberán propoñer textos referenciados aos niveis A2, B1 e B2, respectivamente.

**As persoas candidatas deberán demostrar a máxima competencia en cada un dos niveis (5 ítems correctos) para que o profesorado continúe a corrección das tarefas do nivel seguinte.**

A elaboración das actividades axustarase ás especificacións recollidas na táboa 4.1. (comprensión de lectura) e 4.3. (comprensión oral), e seguirá as seguintes fases:

1. Elixir un descriptor de cada nivel (A2, B1 e B2) do PEL de adultos ou do MECR (capítulo 4).
2. Buscar un ou máis textos que expliciten as capacidades descritas no enunciado do descriptor.
3. Redactar os ítems das actividades.

As actividades referenciadas ao nivel A2 permitirán clasificar ás persoas candidatas en 1º ou 2º de nivel básico ou en 1º de nivel intermedio dacordo co seguinte baremo:

Nivel	Número de ítems totais	Número de ítems correctos	Accede a
A2	5 ítems	0 ou 1	1º de nivel básico
		entre 2 e 4	2º de nivel básico
		5	1º de nivel intermedio

As actividades referenciadas ao nivel B1 permitirán clasificar ás persoas candidatas en 1º ou 2º de nivel intermedio ou en 1º de nivel avanzado dacordo co seguinte baremo:

Nivel	Número de ítems totais	Número de ítems correctos	Accede a
B1	5 ítems	0 ou 1	1º de nivel intermedio
		entre 2 e 4	2º de nivel intermedio
		5	1º de nivel avanzado

As actividades referenciadas ao nivel B2 permitirán clasificar ás persoas candidatas en 1º ou 2º de nivel avanzado dacordo co seguinte baremo:

Nivel	Número de ítems totais	Número de ítems correctos	Accede a
B2	5 ítems	entre 0 e 2	1º de nivel avanzado
		entre 3 e 5	2º de nivel avanzado

### 3.2.2. Expresión e interacción escrita

Os departamentos encargados de elaborar a proba deberán deseñar dúas tarefas referenciadas aos niveis A2 e B1, respectivamente. A elaboración das tarefas axustarase ás especificacións recollidas na táboa 4.2. e seguirá as seguintes fases:

1. Elixir un descriptor de cada un dos niveis (A2 e B1) do PEL de adultos ou do MECR (capítulo 4).
2. Deseñar tarefas que permitan avaliar as capacidades descritas no enunciado do descriptor.

O profesorado avaliador deberá usar as táboas de baremación que se achega no anexo 4 para establecer os accesos.

### 3.2.3. Expresión e interacción oral

Os departamentos encargados de elaborar a proba deberán deseñar unha tarefa referenciada ao nivel B1. A elaboración da tarefa axustarase ás especificacións recollidas na táboa 4.4. e seguirá as seguintes fases:

1. Elixir un descriptor do nivel B1 do PEL de adultos ou do MECR (capítulo 4).
2. Elaborar actividades baseadas en imaxes que permitan avaliar as capacidades descritas no enunciado do descriptor.

O profesorado avaliador deberá usar a táboa de baremación que se achega no anexo 5 para establecer os accesos.

O tribunal orientará as súas preguntas e comentarios en función do nivel de cada persoa candidata para detectar o curso máis adecuado ao que debe acceder. Non obstante, e coa idea de orientar, achegamos as seguintes microdestrezas ordeadas polo seu grao de dificultade crecente:

- Localizar, describir, interactuar (nivel A2)
- Comparar, describir, narrar, interactuar (nivel B1)
- Argumentar, convencer, describir, narrar, contextualizar, interactuar (nivel B2)

## 3.3. Descritores

Os departamentos redactores deberán consultar os descritores que recollen o PEL de adultos e o MECR para os niveis A2, B1 e B2. O enunciado de cada un deles pode actuar como texto xenerador de ideas e facilitar o deseño dos ítems ou das tarefas/actividades que se propoñan ás persoas candidatas.

## 3.4. Calendario e procedemento de distribución das probas

O primeiro día lectivo de setembro os departamentos redactores remitirán a cada unha das escolas onde se imparta o idioma correspondente o seguinte material:

- Un CD cos documentos fotocopiáveis correspondentes ás probas de comprensión de lectura, expresión e interacción escrita e expresión e interacción oral, tanto en formato .doc (Microsoft Word) como en .pdf (Adobe Acrobat Reader). Todas as probas deberán incluír noutro documento as solucións e, no caso da comprensión oral, tamén as transcripcións.
- Un CD de audio coas gravacións correspondentes á proba de comprensión oral. Os audios deberán incluír o número de repeticións correspondente e os silencios intermedios.

## 4. Especificacións para a elaboración da proba

A proba axustarase ás especificacións que figuran nas seguintes táboas.

### 4.1. Comprensión de lectura

Parámetros	Descrición das tarefas		
	A2	B1	B2
Tipos de textos	Xornais Correspondencia Carteis e sinais públicos Cuestionarios e formularios sinxelos	Catálogos e folletos Carteis e sinais públicos Textos xornalísticos Manuais de instrucións Correspondencia persoal e formal	Catálogos e folletos Carteis e sinais públicos Textos xornalísticos Manuais de instrucións Correspondencia persoal e formal Informes
Autenticidade	Documentos auténticos ou adaptados	Documentos auténticos ou adaptados	Documentos auténticos
Tipos de discurso	Narrativo Informativo Descriptivo	Descriptivo Narrativo Expositivo Argumentativo	Descriptivo Narrativo Expositivo Argumentativo
Ámbito	Persoal Público	Persoal Público Profesional Educativo	Persoal Público Profesional Educativo
Temas (Non se poderá utilizar o mesmo tema para máis dun nivel. Por exemplo, se escolle "identificación persoal" para a tarefa de nivel A2, a tarefa de nivel B1 terá que tratar dun tema distinto)	Identificación persoal Vivenda, fogar e contorno Tempo libre e ocio Viaxes e transportes Relacións humanas e sociais Saúde e cuidados físicos Educación Compras e actividades comerciais Alimentación Bens e servizos Clima, condicións atmosféricas e ambiente	Identificación persoal Vivenda, fogar e contorno Traballo e profesión Tempo libre e actualidade Viaxes e transportes Relacións humanas e sociais Saúde e cuidados físicos Educación Compras e actividades comerciais Alimentación Bens e servizos Clima, condicións atmosféricas e ambiente Ciencia e tecnoloxía	Identificación persoal Vivenda, fogar e contorno Traballo e profesión Tempo libre e actualidade Viaxes e transportes Relacións humanas e sociais Saúde e cuidados físicos Educación Compras e actividades comerciais Alimentación Bens e servizos Clima, condicións atmosféricas e ambiente Ciencia e tecnoloxía
Lonxitude do(s) texto(s)	1 ou máis textos 80 palabras máximo no seu conxunto	1 ou máis textos 100 palabras máximo no seu conxunto	1 texto 120 palabras máximo
Número de ítems e formato das respostas (Non se poderá utilizar o mesmo formato para máis dun nivel)	5 ítems en total a escoller entre: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Elección múltiple (3 opcións)</li> <li>• Verdadeiro ou falso</li> <li>• Asociación</li> </ul>	5 ítems en total a escoller entre: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Elección múltiple (3 ou 4 opcións)</li> <li>• Verdadeiro ou falso</li> <li>• Asociación</li> </ul>	5 ítems en total a escoller entre: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Elección múltiple (3 ou 4 opcións)</li> <li>• Verdadeiro ou falso</li> <li>• Asociación</li> <li>• Reconstrución/ordenación do texto</li> </ul>
Vocabulario	Unicamente termos concretos e de uso frecuente	Unicamente termos de uso frecuente	Amplio vocabulario referido a temas xerais
Sintaxe	Unicamente estruturas sinxelas	Maioritariamente estruturas sinxelas e uso dos nexos axeitados ao nivel	Estruturas complexas cos principais nexos de coordinación e subordinación
Microdestrezas	Comprender a idea principal e as secundarias Identificar detalles relevantes	Comprender a idea principal e as secundarias Identificar e comprender detalles relevantes Comprender argumentos e instrucións	Comprender a idea principal e as secundarias Identificar e comprender detalles relevantes Comprender argumentos e instrucións Captar implicacións e información implícita

## 4.2. Expresión e interacción escrita

Parámetros	Descrición das tarefas	
	A2	B1
Tipos de textos (Debe utilizarse un tipo distinto en cada nivel)	Correspondencia persoal Escritura creativa	Correspondencia Escritura creativa
Ámbito	Persoal Público Educativo	Persoal Público Profesional Educativo
Temas (Non se poderá utilizar o mesmo tema para máis dun nivel. Por exemplo, se escolle "identificación persoal" para a tarefa de nivel A2, a tarefa de nivel B1 terá que tratar dun tema distinto)	Identificación persoal Vivenda, fogar e contorno Tempo libre e ocio Viaxes e transportes Relacións humanas e sociais Saúde e coidados físicos Educación Compras e actividades comerciais Alimentación Bens e servizos Clima, condicións atmosféricas e ambiente	Identificación persoal Vivenda, fogar e contorno Traballo e profesión Tempo libre e actualidade Viaxes e transportes Relacións humanas e sociais Saúde e coidados físicos Educación Compras e actividades comerciais Alimentación Bens e servizos Clima, condicións atmosféricas e ambiente Ciencia e tecnoloxía
Lonxitude do texto	1 texto entre 50-80 palabras	1 texto entre 70-100 palabras
Formato da tarefa	Texto guiado: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Enunciado</li> <li>• Texto de partida (se houber)</li> <li>• 4 pautas</li> </ul>	Texto guiado: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Enunciado</li> <li>• Texto de partida (se houber)</li> <li>• 4 pautas</li> </ul>

### 4.3. Comprensión oral

Parámetros	Descrición das tarefas		
	A2	B1	B2
Fonte dos textos	Mensaxes e avisos Entrevistas Transaccións e xestións Medios de comunicación Exposicións e presentacións Conversas	Mensaxes e avisos Anuncios publicitarios Instrucións detalladas Conversas e discusións Entrevistas e enquisas Exposicións e presentación Textos audiovisuais	Mensaxes e avisos Anuncios publicitarios Instrucións detalladas Conversas e discusións Entrevistas e enquisas Exposicións e presentación Textos audiovisuais
Autenticidade	Documentos adaptados	Documentos auténticos ou adaptados	Documentos auténticos
Tipos de discurso	Dialóxico Narrativo Informativo Descritivo	Dialóxico Descritivo Narrativo Informativo Expositivo	Dialóxico Descritivo Narrativo Informativo Expositivo Argumentativo
Ámbito	Persoal Público	Persoal Público Profesional Educativo	Persoal Público Profesional Educativo
Temas (Non se poderá utilizar o mesmo tema para máis dun nivel. Por exemplo se escolle "identificación persoal" para a tarefa de nivel A2, a tarefa de nivel B1 terá que tratar dun tema distinto)	Identificación persoal Vivenda, fogar e contorno Tempo libre e ocio Viaxes e transportes Relacións humanas e sociais Saúde e coidados físicos Educación Compras e actividades comerciais Alimentación Bens e servizos Clima, condicións atmosféricas e ambiente	Identificación persoal Vivenda, fogar e contorno Traballo e profesión Tempo libre e actualidade Viaxes e transportes Relacións humanas e sociais Saúde e coidados físicos Educación Compras e actividades comerciais Alimentación Bens e servizos Clima, condicións atmosféricas e ambiente Ciencia e tecnoloxía	Identificación persoal Vivenda, fogar e contorno Traballo e profesión Tempo libre e actualidade Viaxes e transportes Relacións humanas e sociais Saúde e coidados físicos Educación Compras e actividades comerciais Alimentación Bens e servizos Clima, condicións atmosféricas e ambiente Ciencia e tecnoloxía
Duración da(s) gravación(s)	45 segundos máximo no seu conxunto (1 ou varios textos)	60 segundos máximo no seu conxunto (1 ou varios textos)	75 segundos máximo no seu conxunto (1 ou varios textos)
Velocidade e articulación	Claridade Lentitude	Claridade Lingua estándar	Lingua estándar
Nº de escoitas	2	2	2
Número de ítems e formato das respostas (Non se poderá utilizar o mesmo formato para máis dun nivel)	5 ítems en total a escoller entre: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Elección múltiple (3 opcións)</li> <li>• Verdadeiro ou falso</li> <li>• Asociación</li> </ul>	5 ítems en total a escoller entre: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Elección múltiple (3 ou 4 opcións)</li> <li>• Verdadeiro ou falso</li> <li>• Asociación</li> </ul>	5 ítems en total a escoller entre: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Elección múltiple (3 ou 4 opcións)</li> <li>• Verdadeiro ou falso</li> <li>• Asociación</li> </ul>
Vocabulario	Unicamente termos concretos e de uso frecuente	Unicamente termos de uso frecuente	Amplio vocabulario sobre temas xerais
Sintaxe	Unicamente estruturas sinxelas	Maioritariamente estruturas sinxelas e uso dos nexos axeitados ao nivel	Estruturas complexas cos principais nexos de coordinación e subordinación
Microdestrezas	Comprender a idea principal e as secundarias Identificar detalles relevantes	Comprender a idea principal e as secundarias Identificar e comprender detalles relevantes Comprender argumentos e instrucións	Comprender a idea principal e as secundarias Identificar e comprender detalles relevantes Comprender argumentos e instrucións Captar implicacións e información implícita

#### 4.4. Expresión e interacción oral

Parámetros	Descrición da tarefa
Tipos de textos	Interacción
Ámbito	Persoal Público Profesional Educativo
Temas	Identificación persoal Vivenda, fogar e contorno Traballo e profesión Tempo libre e actualidade Viaxes e transportes Relacións humanas e sociais Saúde e coidados físicos Educación Compras e actividades comerciais Alimentación Bens e servizos Clima, condicións atmosféricas e ambiente Ciencia e tecnoloxía
Número de tarefas	1
Tempo	Máximo 5 minutos por persoa candidata
Material a elaborar	<ul style="list-style-type: none"> <li>• 10 imaxes (seleccionaranse 2 imaxes por persoa candidata)</li> <li>• Preguntas, comentarios e/ou consignas relacionados coas imaxes e de dificultade graduada</li> </ul>
Procedemento	<ul style="list-style-type: none"> <li>• O alumnado examínase individualmente</li> <li>• O tribunal cualificador estará composto por 2 profesores/as (un deles conducirá o diálogo e o outro centrará no baremo proposto)</li> <li>• Os/as candidatos/as co/a profesor/a dacordo coas preguntas e/ou comentarios suxeridos.</li> </ul>

## 5. Anexos

- Anexo 1: instrucións para o alumnado.
- Anexo 2: instrucións para as xefaturas de departamentos.
- Anexo 3: instrucións para o profesorado que administrará as probas.
- Anexo 4: táboa para a avaliación da expresión escrita.
- Anexo 5: táboa para a avaliación da expresión oral.
- Anexo 6: ficha de avaliación.
- Anexo 7: actas e informes para remitir á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.
- Anexo 8 Suxestión de proba de expresión oral.
- Anexo 9 Escalas complementarias que axuden ao profesorado a identificar o nivel das persoas candidatas despois de usar as táboas que se proporcionan na Guía

## Información para o alumnado

Benvido as Escolas Oficiais de Idiomas de Galicia.

Lembrámoslle que as probas de clasificación non teñen carácter certificador e só pretenden avaliar o seu coñecemento da(s) lingua(s) elixida(s) co fin de situalo no curso máis acorde ao seu grao de coñecemento demostrado. A continuación, ofrecémoslle unha serie de informacións útiles sobre as probas e a súa administración. Grazas por confiar en nós e por participar nas probas de clasificación elaboradas polas EE.OO.II. de Galicia.

As probas de clasificación de todos os idiomas teñen como referencia os currículos para as Escolas Oficiais de Idiomas de Galicia baseados nos descritores do Marco Común de Referencia Europeo das Linguas e no Portfolio Europeo das Linguas de adultos.

A duración máxima da proba en todos os idiomas será de dúas (2) horas na parte de expresión escrita, comprensión lectora e comprensión auditiva e 5 minutos na proba de expresión oral, e o contido e baremo da proba en cada un dos idiomas que se imparten especificanse a continuación.

Datas de realización das probas: ver calendario exposto.

## Estrutura e baremo da proba de clasificación

A estrutura da proba é idéntica para todas as linguas impartidas nas EE.OO.II. e darán acceso aos niveis implantados nas mesmas.

### Proba obxectiva

<b>1ª sesión</b> (máximo 2 horas)	Comprensión de lectura Expresión e interacción escrita Comprensión oral	Máximo 30 minutos Máximo 60 minutos Máximo 30 minutos
<b>2ª sesión</b>	Expresión e interacción oral	5 minutos por persoa candidata

## Normas de obrigado cumprimento durante a proba

1. Prégase puntualidade na proba. Non se permitirá o acceso ás aulas a ningunha persoa candidata unha vez comezada a proba.
2. As persoas candidatas deberán presentarse ás probas cun documento que certifique a identidade (DNI, NIE ou pasaporte). É obrigatorio acudir á proba co resguardo da matrícula.
3. As persoas candidatas deberán seguir as indicacións que en cada momento reciban do profesorado encargado da administración da proba.
4. Escribirase no encerado a hora de comezo e de remate da proba, así como das pausas se as houberse, e as datas de entrega de notas, sempre dentro dos 7 días naturais seguintes ao da celebración da proba.
5. Nas partes escritas da proba, as persoas candidatas deberán usar bolígrafos azuis ou negros. Non se corrixirán exercicios realizados con lapis, nin se permitirá o uso de correctores. Lembremos que as respostas se deben escribir obrigatoriamente nos apartados destinados a ese fin nas follas de respostas. Calquera resposta fóra dos apartados non será tida en conta.
6. Nos exercicios de elección múltiple cumprirá rodear cun círculo unha soa resposta. No caso de querer cambiar a opción xa marcada, deberase pór unha cruz sobre ela e rodear cun círculo a nova elección.
7. Nos exercicios de textos con espazos en branco para completar, débese colocar unha soa palabra en cada espazo en branco. As persoas candidatas deberán escribir a resposta cunha caligrafía lexible.
8. Ao remate de cada unha das partes da proba os candidatos deberán entregar os exames e calquera papel ou documento empregado durante a realización do exercicio (incluídos borradores e esquemas).
9. Nas probas de expresión escrita, as persoas candidatas deberán contar o número de palabras utilizadas e sinalalo no recadro correspondente, sen exceder o número indicado en cada un dos exercicios.
10. As escoitas serán reproducidas un máximo de (dúas) 2 veces. Entre unha escoita e outra haberá dous (2) minutos de pausa. Despois da última escoita os candidatos disporán de tres (3) minutos antes de entregar o exercicio.
11. Para as probas de expresión oral as persoas candidatas serán citadas individualmente por orde alfabética dacordo cos seus apelidos.
12. Poderanse gravar as probas de produción oral.
13. Os bolsos, abrigos, teléfonos, carpetas, e demais obxectos persoais das persoas candidatas depositaranse no espazo habilitado para tal uso polo profesorado que administre a proba.
14. Os teléfonos móbiles e calquera outro dispositivo electrónico deberán permanecer apagados durante toda a proba.
15. As persoas candidatas non poderán botar man de materiais de consulta de ningún tipo nin comunicarse con outras persoas candidatas e/ou externas á proba.
16. Durante a proba non se permitirá a saída e posterior ingreso das persoas candidatas na aula. A saída da aula supón a finalización e entrega do exercicio.
17. Durante as pausas, se as houbera, as aulas permanecerán pechadas sen que ningunha das persoas candidatas poida ter acceso ao seu interior.

## Instrucións para as xefaturas de departamento

1. A presente guía contén o seguinte material e documentos:
  - Anexo 1: instrucións para o alumnado.
  - Anexo 2: instrucións para as xefaturas de departamentos.
  - Anexo 3: instrucións para o profesorado que administrará as probas.
  - Anexo 4: táboa para a avaliación da expresión escrita.
  - Anexo 5: táboa para a avaliación da expresión oral.
  - Anexo 6: ficha de avaliación.
  - Anexo 7: actas e informes para remitir á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.
  - Anexo 8 Suxestión de proba de expresión oral
  - Anexo 9 escalas complementarias que axuden ao profesorado a identificar o nivel das persoas candidatas despois de usar as táboas que se proporcionan na Guía
2. Comunicarase de inmediato á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais a detección de calquera erro ou problema, para así tomar as decisións pertinentes e comunicarllos ao resto das escolas.
3. Para a realización das probas, a súa administración e corrección o profesorado deberá coñecer e ter sempre presentes os descritores que, para cada unha das destrezas e niveis, se presentan no *Marco de Referencia Europeo das Linguas*.
4. É importante lembrar que, de xurdir algunha circunstancia que, ao xuízo da xefatura do departamento e tras a consulta e o acordo coa xefatura de estudos, faga imposible a celebración dalgunha das probas nas datas e/ou nas horas establecidas no calendario, deberá poñelo de inmediato en coñecemento da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais para que, unha vez valoradas as circunstancias, se estableza unha nova data e hora para a proba da que se trate.
5. Enviar á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais o anexo de informe estatístico xeral'

## **Instrucións para o profesorado que administrará as probas**

Duración da primeira sesión da proba: 2 horas.

1. Non se permitirá a entrada do exame a ningunha persoa candidata despois da hora de comezo da proba.
2. As persoas candidatas deberán presentarse ás probas cun documento que certifique a súa identidade (DNI, NIE ou pasaporte) e co resguardo da matrícula.
3. Cómpre comprobar a identidade das persoas concorrentes. Chamarase ás persoas candidatas por orde alfabética.
4. Debe lembrarse ás persoas candidatas o escrupuloso seguimento das indicacións que reciban do profesorado encargado da administración das probas. Do mesmo xeito recomendarase ás persoas candidatas a lectura atenta das preguntas de cada un dos exercicios.
5. Escribírase no encerado a hora de comezo e de remate da proba, así como das pausas se as houbera, e as datas de entrega de notas, sempre dentro dos 7 días naturais seguintes ao da celebración da proba.
6. Ao remate de cada unha das partes da proba os candidatos deberán entregar os exames e calquera papel ou documento empregado durante a realización do exercicio (incluídos borradores e esquemas).
7. Lembrarase ás persoas candidatas que nas partes escritas só está permitido usar bolígrafos azuis ou negros, que non se corruxarán exercicios realizados con lapis, nin se permitirá o uso de correctores. As respostas deberán escribirse obrigatoriamente nos apartados destinados a ese fin. Calquera resposta fóra dos apartados non será tida en conta.
8. Lembrarase ás persoas candidatas que nos exercicios de elección múltiple cumprirá rodear cun círculo unha soa resposta. No caso de querer cambiar a opción xa marcada, deberase pór unha cruz sobre ela e rodear cun círculo a nova elección.
9. As persoas candidatas deberán escribir a resposta cunha caligrafía lexible.
10. Lembrarase ás persoas candidatas que nas probas de expresión escrita deberán contar o número de palabras utilizadas sen exceder o número indicado en cada un dos exercicios.
11. Lembrarase ás persoas candidatas que as escoitas será reproducidas dúas (2) veces. Entre unha escoita e outra haberá dous (2) minutos de pausa. Despois da última escoita as persoas candidatas disporán de tres (3) minutos antes de entregar o exercicio.
12. O profesorado que administra a proba habilitará un espazo na aula para que as persoas candidatas deixen as súas pertenzas. Os bolsos, abrigos, teléfonos, carpetas, e demais obxectos persoais das persoas candidatas depositaranse no espazo habilitado para tal uso. As persoas candidatas só poderán ter sobre a mesa DNI, NIE o pasaporte.
13. Os teléfonos móbiles e calquera outro dispositivo electrónico deberán permanecer apagados durante toda a proba.
14. Lembrarase ás persoas candidatas que non poderán botar man de materiais de consulta de ningún tipo nin comunicarse con outras persoas candidatas e/ou externas á proba.
15. O persoal examinador non dará respostas relativas aos aspectos académicos da proba.
16. Lembrarase aos candidatos que durante as probas non se permitirá a saída e posterior ingreso do alumnado na aula. A saída da aula supón a finalización e entrega do exercicio.
17. Durante as pausas, se as houbera, as aulas permanecerán pechadas sen que ningunha das persoas candidatas poida ter acceso ao seu interior.
18. O profesorado examinador poderá excluír das probas a aquelas persoas que contraveñan estas normas. As medidas que se adopten deberán quedar reflectidas nun informe de incidencias.

## Proba de clasificación • Resultados

### Datos da persoa candidata

Apelidos e nome:

Idioma:

EOI de

Data da convocatoria da proba:

### Resultados da proba por destrezas

O resultado das destrezas na proba da persoa candidata é o seguinte:

<b>Comprensión escrita</b>	<input type="checkbox"/> 1º nivel básico <input type="checkbox"/> 2º nivel básico	<input type="checkbox"/> 1º nivel intermedio <input type="checkbox"/> 2º nivel intermedio	<input type="checkbox"/> 1º nivel avanzado <input type="checkbox"/> 2º nivel avanzado
<b>Expresión escrita</b>	<input type="checkbox"/> 1º nivel básico <input type="checkbox"/> 2º nivel básico	<input type="checkbox"/> 1º nivel intermedio <input type="checkbox"/> 2º nivel intermedio	<input type="checkbox"/> 1º nivel avanzado <input type="checkbox"/> 2º nivel avanzado
<b>Comprensión auditiva</b>	<input type="checkbox"/> 1º nivel básico <input type="checkbox"/> 2º nivel básico	<input type="checkbox"/> 1º nivel intermedio <input type="checkbox"/> 2º nivel intermedio	<input type="checkbox"/> 1º nivel avanzado <input type="checkbox"/> 2º nivel avanzado
<b>Expresión oral</b>	<input type="checkbox"/> 1º nivel básico <input type="checkbox"/> 2º nivel básico	<input type="checkbox"/> 1º nivel intermedio <input type="checkbox"/> 2º nivel intermedio	<input type="checkbox"/> 1º nivel avanzado <input type="checkbox"/> 2º nivel avanzado

*A maioría das cruces nun mesmo curso determinará a proposta de matrícula da persoa candidata.*

*Se hai un empate (2 cruces en 2 cursos), a proposta farase para o curso inferior dos dous.*

*Se hai unha cruz en catro cursos distintos, proporase a matrícula no curso que indique a expresión escrita.*

### Proposta de matrícula

A persoa candidata poderá matricularse no curso:

<input type="checkbox"/> 1º nivel básico <input type="checkbox"/> 2º nivel básico	<input type="checkbox"/> 1º nivel intermedio <input type="checkbox"/> 2º nivel intermedio	<input type="checkbox"/> 1º nivel avanzado <input type="checkbox"/> 2º nivel avanzado
--------------------------------------------------------------------------------------	----------------------------------------------------------------------------------------------	------------------------------------------------------------------------------------------

Data:

Asdo: O/A xefe/a do departamento:

## EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ESCRITA • Nivel A2

<p><b>ADECUACIÓN DA TAREFA</b> <i>(Este ítem deberá marcarse necesariamente para a corrección da tarefa pero non computará no número de ítems acadados)</i></p>
<p><input type="checkbox"/> Achega a información necesaria e pertinente para cumprir a tarefa (resposta aos puntos propostos nas instrucións, respecta o número de palabras requirido...)</p>

<p><b>COMPETENCIA LINGÜÍSTICA RIQUEZA E CORRECCIÓN</b></p>	<p><b>COMPETENCIA SOCIOLINGÜÍSTICA CONSECUCIÓN</b> <i>(elixir só unha columna)</i></p>	<p><b>COHERENCIA E COHESIÓN</b></p>				
<p><input type="checkbox"/> Ten suficiente vocabulario para expresar e satisfacer as necesidades requiridas.</p> <p><input type="checkbox"/> Utiliza con corrección os recursos básicos de puntuación e ortografía.</p> <p><input type="checkbox"/> Utiliza estruturas sinxelas correctamente pero comete erros básicos sistematicamente (confunde tempos verbais, esquece manter a concordancia...). Porén, a orde das palabras soe ser correcta e acostuma a quedar claro o que intenta dicir.</p> <p><input type="checkbox"/> Utiliza estruturas e expresións memorizadas simples e habituais de uso moi corrente e frases feitas sinxelas.</p>	<table border="1"> <thead> <tr> <th style="background-color: #e0e0e0;">CORRESPONDENCIA</th> <th style="background-color: #e0e0e0;">ESCRITURA CREATIVA</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td> <p><input type="checkbox"/> Desenvólvese en intercambios sociais moi breves utilizando fórmulas cotiás propias da tarefa (saúdo, fórmulas de tratamento, corpo e despedida).</p> <p><input type="checkbox"/> Sabe levar a cabo funcións básicas da lingua como, por exemplo, intercambiar e solicitar información; así mesmo, expresa opinións e actitudes de forma sinxela, sabe formular e responder a invitacións e suxestións, pedir e aceptar desculpas, etc.</p> </td> <td> <p><input type="checkbox"/> Sabe levar a cabo unha gran diversidade de funcións lingüísticas utilizando os expoñentes mais habituais desas funcións.</p> <p><input type="checkbox"/> Sabe adaptarse ás características á organización básica, ao rexistro e ao formato do texto.</p> </td> </tr> </tbody> </table>	CORRESPONDENCIA	ESCRITURA CREATIVA	<p><input type="checkbox"/> Desenvólvese en intercambios sociais moi breves utilizando fórmulas cotiás propias da tarefa (saúdo, fórmulas de tratamento, corpo e despedida).</p> <p><input type="checkbox"/> Sabe levar a cabo funcións básicas da lingua como, por exemplo, intercambiar e solicitar información; así mesmo, expresa opinións e actitudes de forma sinxela, sabe formular e responder a invitacións e suxestións, pedir e aceptar desculpas, etc.</p>	<p><input type="checkbox"/> Sabe levar a cabo unha gran diversidade de funcións lingüísticas utilizando os expoñentes mais habituais desas funcións.</p> <p><input type="checkbox"/> Sabe adaptarse ás características á organización básica, ao rexistro e ao formato do texto.</p>	<p><input type="checkbox"/> A información está organizada seguindo un esquema e ten coherencia temporal básica (contén unha secuencia cronolóxica, co-relacionando tempos verbais e indicadores de tempo), aínda que aparecen erros elementais que non impiden a comprensión.</p> <p><input type="checkbox"/> As ideas son coherentes: non se contradín, non se repiten innecesariamente e non son confusas.</p> <p><input type="checkbox"/> Mantén a cohesión temática do texto utilizando recursos tales como a co-referencia (por exemplo, o uso de artigos, pronomes, demostrativos, concordancia de tempos verbais...), a elipse, as repeticións, etc.</p> <p><input type="checkbox"/> Enlaza grupos de palabras con conectores sinxelos ("e", "pero", "entón", "porque"....)</p>
CORRESPONDENCIA	ESCRITURA CREATIVA					
<p><input type="checkbox"/> Desenvólvese en intercambios sociais moi breves utilizando fórmulas cotiás propias da tarefa (saúdo, fórmulas de tratamento, corpo e despedida).</p> <p><input type="checkbox"/> Sabe levar a cabo funcións básicas da lingua como, por exemplo, intercambiar e solicitar información; así mesmo, expresa opinións e actitudes de forma sinxela, sabe formular e responder a invitacións e suxestións, pedir e aceptar desculpas, etc.</p>	<p><input type="checkbox"/> Sabe levar a cabo unha gran diversidade de funcións lingüísticas utilizando os expoñentes mais habituais desas funcións.</p> <p><input type="checkbox"/> Sabe adaptarse ás características á organización básica, ao rexistro e ao formato do texto.</p>					

Entre 0 e 3 ítems (<40%) : 1º nivel básico

Entre 4 e 8 ítems (40%-80%): 2º nivel básico

Entre 9 e 10 ítems (>80%): 1º nivel intermedio

## EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ESCRITA • Nivel B1

<b>ADECUACIÓN DA TAREFA</b> <i>(Este ítem deberá marcarse necesariamente para a corrección da tarefa pero non computará no número de ítems acadados)</i>
<input type="checkbox"/> Achega a información necesaria e pertinente para cumprir a tarefa (resposta aos puntos propostos nas instrucións, respecta o número de palabras requirido...)

COMPETENCIA LINGÜÍSTICA RIQUEZA E CORRECCIÓN	COMPETENCIA SOCIOLINGÜÍSTICA CONSECUCIÓN <i>(elixir só unha columna)</i>		COHERENCIA E COHESIÓN
	CORRESPONDENCIA	ESCRITURA CREATIVA	
<input type="checkbox"/> Ten suficiente vocabulario para expresarse sobre a maioría dos temas pertinentes para a súa vida diaria como, por exemplo, familia, gustos e intereses, traballo, viaxes e sucesos de actualidade, reformulando se é necesario. <input type="checkbox"/> Manifesta un bo dominio do vocabulario elemental, pero aínda comete erros importantes cando expresa pensamentos máis complexos ou cando aborda temas e situacións pouco frecuentes. <input type="checkbox"/> Emprega con razoable corrección un repertorio de expresións fi xas e estruturas habituais relacionadas coas situacións máis predicibles. <input type="checkbox"/> A ortografía, a puntuación e a estruturação son o suficientemente correctas como para que se comprendan case sempre.	<input type="checkbox"/> Escribe <b>axeitadamente</b> correspondencia na que se solicite información, se expresen sentimentos, reaccións, desexos e aspiracións e/ou se expliquen problemas. <input type="checkbox"/> Utiliza correctamente o formato e convencións da correspondencia formal e persoal.	<input type="checkbox"/> Escribe descrições e narracións sobre unha serie de temas cotiáns dentro da súa área de interese. <input type="checkbox"/> Escribe experiencias describindo sentimentos e reaccións en textos sinxelos e estruturados.	<input type="checkbox"/> Emprega unha grande diversidade de elementos lingüísticos sinxelos con flexibilidade para expresar grande parte do que quere. <input type="checkbox"/> Enlaza unha serie de elementos breves, concretos e sinxelos para crear unha secuencia cohesionada e lineal. <input type="checkbox"/> Transmite información detallada facendo entender que aspectos lle parecen máis importantes. <input type="checkbox"/> Utiliza conectores para expresar relacións lóxicas tales como causa, consecuencia, finalidade, etc.

6 ou 7 ítems (60%-80%) : 2º nivel intermedio

8 ou 9 ítems (80%-90%) : 1º nivel avanzado

10 ítems (100%) : 2º nivel avanzado

# TÁBOA DE BAREMACIÓN DA EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ORAL

Anexo 5

	ACCEDE A 1º NIVEL BÁSICO	ACCEDE A 2º NIVEL BÁSICO	ACCEDE A 1º NIVEL INTERMEDIO	ACCEDE A 2º NIVEL INTERMEDIO	ACCEDE A 1º NIVEL AVANZADO	ACCEDE A 2º NIVEL AVANZADO
<b>INTERACCIÓN</b>	<input type="checkbox"/> Claras dificultades de comprensión Non é capaz de seguir unha conversa	<input type="checkbox"/> Pode responder a preguntas concretas Non ten autonomía para unha conversa	<input type="checkbox"/> Pode realizar intercambios breves pero con axuda e repetición	<input type="checkbox"/> Sabe comezar, manter e finalizar unha conversa Sabe pedir axuda ou aclaración	<input type="checkbox"/> Coñece frases feitas de comunicación Dubida ás veces en situacións inesperadas do discurso Non soe precisar axuda	<input type="checkbox"/> Usa sempre frases axeitadas ó contexto e situación Ampla variedade de estratexias de comunicación e de funcións <b>Seguridade á hora de intervir, non dubida, mostra empatía e asertividade</b>
<b>FLUIDEZ (expresión e funcional)</b>	<input type="checkbox"/> Frases curtas e illadas Inaudible ou incomprendible	<input type="checkbox"/> Desenvólvese en enunciados breves con moitas pausas e dúbidas	<input type="checkbox"/> Necesita tempo para planear o discurso, cóstalle improvisar reparar ou autocorrixirse Comprendible aínda que irregular ou abrupta expresión	<input type="checkbox"/> Logra describir temas variados do entorno persoal, orixe educativa ou traballo de forma fluida aínda que con lentitude É capaz de reparar ou corrixirse	<input type="checkbox"/> Exprésase clara e coherentemente Improvísa facilmente Ás veces dubida ante determinadas estruturas ou expresións complexas Poucas pausas e sen importancia	<input type="checkbox"/> Mostra espontaneidade Non necesita esforzarse nin no uso de frases máis complexas, largas, etc.
<b>RIQUEZA (léxica)</b>	<input type="checkbox"/> Falta de coñecemento léxico Termos e estruturas moi pobres ou non axeitadas	<input type="checkbox"/> Repertorio moi xusto para transmisións moi simples	<input type="checkbox"/> vocabulario básico de supervivencia Cóstalle dar equivalentes, parafrasear, e dubida moito	<input type="checkbox"/> Vocabulario simple e neutro directamente relacionado con comunicación básica Pode dar e equivalentes e parafrasear aínda que dubide	<input type="checkbox"/> Suficiente vocabulario para expresarse na maioría dos temas esixidos de tipo familiar ou cercano Pode dar equivalentes e parafrasear con facilidade	<input type="checkbox"/> Importante coñecemento léxico axeitado a calquera tema proposto Emprega ampla variedade de termos para evitar a repetición
<b>CORRECCIÓN (gramatical)</b>	<input type="checkbox"/> Demasiados erros que impiden a transmisión da mensaxe	<input type="checkbox"/> Escaso control de estruturas que dificulta a expresión	<input type="checkbox"/> Repertorio limitado e repetitivo de estruturas básicas sen arriscar Pódense dar erros básicos (de coordinación, mestura tempos...)	<input type="checkbox"/> Emprega correctamente estruturas sintácticas básicas Aínda que con algúns erros, transmite o que quere decir	<input type="checkbox"/> Emprega correctamente frases feitas, estruturas verbais e nominais, domina o uso dos tempos Pode haber algún erro que non dificulta a expresión	<input type="checkbox"/> Efectivo dominio das estruturas Comunícase fielmente en calquera rexistro ou contexto Adapta con éxito o seu coñecemento lingüístico a contextos inesperados
<b>PRONUNCIACIÓN</b>	<input type="checkbox"/> Erros en termos básicos ou familiares que chega a imposibilitar a transmisión	<input type="checkbox"/> Comprendible aínda que con erros frecuentes en termos básicos e terminacións	<input type="checkbox"/> Correcta no vocabulario básico Pode haber incorreccións nas terminacións Evidente acento e influencia da lingua propia	<input type="checkbox"/> En xeral, clara e comprensible Pode haber erros de acento e entonación	<input type="checkbox"/> Correcta pronunciación da maioría do léxico empregado Non hai erros importantes nas terminacións, ou pronuncia dos termos débiles da frase Non hai erros salientables de acento e entonación en vocablos do entorno familiar ou persoal	<input type="checkbox"/> Domina tanto a pronuncia como o acento e a entonación tanto do vocabulario do entorno familiar e persoal como o máis complexo <b>Limita o acento e a entonación da lingua estranxeira con facilidade</b>









## 2º SESIÓN PROBA EXPRESIÓN ORAL: SUXESTIÓN DE PROBA

### Características xerais:

Proba individual.

Temporalización: a desenrolar en 5 min. (Máximo 7 min)

Tarefas a desenrolar: describir e contestar preguntas sobre tema ou área temática relacionada cunha foto, comparar fotos, opinar.

### 1º paso: descrición dunha foto con preguntas dirixidas (2 min)

Soporte: fotografía 1

Procedemento

O examinador pídelle ao alumnado que mire unha fotografía en detalle durante un minuto e lle fale dela (o profesor pode preguntar: que describa ás persoas, a clase, o que están a facer, o que levan posto, idades, como creen que se senten, que creen que van facer a continuación, etc.)

criterios de avaliación referidos ao nivel básico:

obxectivo da tarefa/contidos comunicativos: o alumno entende as instrucións e preguntas, sabe referirse e sinala o que describe sobre a foto se se lle require.

contidos lingüísticos: tempos na forma axeitada do presente para describir, e futuro para indicar planes, vocabulario sobre idade, educación, roupa, expresar opinión ("creo que..."), adxectivos para indicar tamaño, forma, cor, idade, adverbios e preposicións de lugar e tempo, a pronunciación non impide a comprensión.

Se supera este nivel, séguese avaliando, senón, quedaría en NB1 ou NB2

### 2º paso: comparar con outra foto sobre o mesmo tema (2 min)

Soporte: foto 2

Procedemento

O examinador preséntalle unha segunda fotografía e pídelle ao alumno/a que compare ambas fotos (segundo o que ve nelas podendo deducir por exemplo de que tipo de escolas se trata, a tipoloxía e características do alumnado e profesorado, así como a ensinanza que se imparte)

Criterios de avaliación referidos ao nivel intermedio:

obxectivo da tarefa/contidos comunicativos: o alumno comprende a instrución e é capaz de referirse a ambas fotos simultaneamente interactuando co entrevistador

contidos lingüísticos : tempos na forma axeitada do presente para describir, comparativos, aumentativos, adverbios para indicar probabilidade (quizais, ao mellor,...) conectores para contrastar (mentres, mentres que...), modais para deducir e ou expresar probabilidade, expresións idiomáticas de opinión (paréceme que, non o sei pero, na miña opinión...) e conectores (en primeiro lugar, pola outra banda, finalmente...), pronunciación correcta dos termos familiares e claridade nas terminacións verbais.

Se supera o nivel, séguese avaliando, senón, quedaría en NI1 ou NI2.

### 3º paso: opinar e argumentar sobre o tema e área temática das fotos presentadas anteriormente (3 min)

Procedemento:

O examinador faille un par de preguntas relacionadas co tema descrito anteriormente nas fotografías para que dea a súa opinión persoal. exemplos se as fotografías son dúas estancias de centros educativos poderíase optar pola seguinte batería de preguntas:

- Con que tipo de escola te identificarías máis no teu caso? Por que?
- Dá a túa opinión sobre o teu centro de ensinanza, gustaríache poder ir/ter ido a estudar ao estranxeiro? Por que?
- Cal é a túa valoración sobre a ensinanza pública e a privada? Por que?
- Que cambiarías do actual sistema de ensinanza?
- Que cres que é mellorable?
- Que cambios farías se foras ministro de educación?, etc.

Criterios de avaliación referidos ao nivel avanzado:

Obxectivo da tarefa/contidos comunicativos: o alumno/a comprende a instrución e é capaz de opinar, dar hipóteses, imaxinar, discutir, ofrecer distintos puntos de vista, mostrar acordo ou desacordo, falar de vantaxes e desvantaxes.

Contidos lingüísticos: (a maiores dos contidos da sección anterior) tempo pasado para falar de experiencias persoais e educativas anteriores, variedade de condicionais, estruturas verbais complexas, subordinadas, ampla variedade de expresións idiomáticas, comparativos e superlativos, léxico e expresións do ámbito educativo e público, pronuncia correcta da maioría das palabras, acento e entoación.

**Á vista das evidencias decidiríase se o alumno entra en 1º ou 2º curso de nivel avanzado.**

## ANEXO 9

Este anexo preséntase co obxectivo de proporcionar escalas complementarias que axuden ao profesorado a identificar o nivel das persoas candidatas despois de usar as táboas que se proporcionan na Guía.

Esta información está sacada do Marco e está graduada por niveis de concreción.

1º nivel de concreción

### Escala global

C2	É capaz de comprender con facilidade practicamente todo o que oíe ou le. Sabe reconstruír a información e os argumentos procedentes de diversas fontes, xa sexan en lingua falada ou escrita, e presentalos de maneira coherente e resumida. Pode expresarse espontaneamente, con gran fluidez e cun grao de precisión que lle permite diferenciar pequenos matices de significado mesmo en situacións complexas.
C1	É capaz de comprender unha ampla variedade de textos extensos e con certo nivel de esixencia, así como recoñecer neles sentidos implícitos. Sabe expresarse de forma fluída e espontánea sen mostras moi evidentes de esforzo para atopar a expresión adecuada. Pode facer un uso fluído e efectivo do idioma para fins sociais, académicos e profesionais. Pode producir textos claros, ben estruturados e detallados sobre temas de certa complexidade, amosando un uso correcto dos mecanismos de organización, articulación e cohesión do texto.
B2	É capaz de comprender as ideas principais de textos complexos que tratan de temas tanto concretos como abstractos, mesmo se son de carácter técnico sempre que estean dentro do seu campo de especialización. Pode relacionarse con falantes nativos cun grao suficiente de fluidez e naturalidade de modo que a comunicación non resulte difícil para ningún dos interlocutores. Pode producir textos claros e detallados sobre temas diversos e tamén defender un punto de vista sobre temas xerais indicando os argumentos a favor e en contra das distintas opcións.
B1	É capaz de comprender os puntos principais de textos claros e en lingua estándar se tratan sobre cuestións que lle son coñecidas, xa sexa en situacións de traballo, de estudo ou de lecer. Sabe desenvolverse na maior parte das situacións que poden xurdir durante unha viaxe por zonas en que se emprega a lingua. É capaz de producir textos sinxelos e coherentes sobre temas que lle son familiares ou nos que ten un interese persoal. Pode describir experiencias, acontecementos, desexos e aspiracións, así como xustificar brevemente as súas opinións ou explicar os seus plans.
A2	É capaz de comprender frases e expresións de uso frecuente relacionadas con áreas de experiencia que lle son especialmente relevantes (información básica sobre si mesmo e a súa familia, compras, lugares de interese, ocupacións, etc.). Sabe comunicarse para levar a cabo tarefas simples e cotiás que non requiran máis ca intercambios sinxelos e directos de información sobre cuestións que lle son coñecidas ou habituais. Sabe describir en termos sinxelos aspectos do seu pasado e o seu contorno así como cuestións relacionadas coas súas necesidades inmediatas.
A1	É capaz de comprender e empregar expresións cotiás de uso moi frecuente así como frases sinxelas destinadas a satisfacer necesidades de tipo inmediato. Pode presentarse a si mesmo e a outros, pedir e dar información persoal básica sobre o seu domicilio, as súas pertenzas e as persoas que coñece. Pode relacionarse de forma elemental sempre que o seu interlocutor fale amodo e con claridade e estea disposto a cooperar.

2º nivel de concreción

*Análise das funcións, as nocións, a gramática e o vocabulario necesarios para realizar as tarefas comunicativas descritas nas escalas.*

#### **Nivel B1+**

*As dúas características anteriores seguen presentes, co engadido de varios descritores que se centran no intercambio de **cantidade** de información; por exemplo: é capaz de tomar nota cando alguén solicita información ou expón un problema; é capaz de proporcionar a información concreta que se require nunha entrevista ou consulta (por exemplo, é capaz de describirle a un médico os seus síntomas), aínda que isto o fai con pouca precisión; é capaz de explicar o motivo dun problema, de resumir e dar a súa opinión sobre un conto, un artigo, un discurso, un debate, unha entrevista ou un documental e contesta preguntas que demanden detalles; é capaz de levar a cabo unha entrevista preparada, comprobando e confirmando información, aínda que pode que teña que pedir de vez en cando que lle repitan o dito se a resposta da outra persoa é rápida ou extensa; é capaz de describir como se fai algo dando instrucións detalladas; intercambia con certa seguridade información factual acumulada sobre feitos, asuntos habituais ou problemas que non sexan tan comúns, dentro da súa especialidade.*

#### **Nivel B1**

*Ten quizais dúas características principais. A 1ª é a capacidade de manter unha interacción e de facerse entender nunha variedade de situacións; por exemplo: xeralmente comprende as ideas principais dos debates extensos que se dan ao seu redor sempre que o discurso se articule con claridade nun nivel de lingua estándar; ofrece e pide opinións persoais nun debate informal con amigos; expresa de forma comprensible a idea principal que quere dar a entender; emprega con fluidez unha linguaxe ampla e sinxela para expresar grande parte do que quere; é capaz de manter unha conversa ou un debate, pero ás veces pode resultar difícil entendelo cando intenta dicir exactamente o que quere; exprésase comprensiblemente, aínda que sexan evidentes as súas pausas para realizar certa planificación gramatical e léxica e certa corrección, sobre todo en períodos longos de produción libre.*

*A 2ª característica é a capacidade de saber como afrontar de forma flexible problemas cotiáns como, por exemplo: afrontar situacións menos correntes no transporte público, típicas situacións que acostuman xurdir cando un realiza reservas para viaxes a través dunha axencia ou cando está viaxando; participa en conversas sobre asuntos habituais sen telo previsto; é capaz de formular queixas; toma a iniciativa nunha entrevista ou consulta (por exemplo, sabe como iniciar un novo tema), malia que aínda se lle nota que depende do entrevistador durante a intervención; sabe como pedir a alguén que aclare ou desenvolva o que acaba de dicir.*

#### **Nivel A2**

*É neste nivel onde se atopan a maioría dos descritores que expoñen as funcións sociais, como, por ex.: é capaz de empregar as formas habituais de saudar e de dirixirse aos demais amablemente, saudar ás persoas, preguntar como están e é capaz de reaccionar ante noticias; desenvólvese ben en intercambios sociais moi breves; é capaz de formular e contestar a preguntas sobre o que fai no traballo e no seu tempo de lecer; é capaz de facer unha invitación e responder a ela; é capaz de discutir o que hai que facer, a onde ir e preparar unha cita; é capaz de facer un ofrecemento e aceptalo. Aquí tamén se van atopar descritores sobre o desenvolvemento na vida social: a versión simplificada e reducida do conxunto total de especificacións relativas a transaccións do nivel Soleira para os adultos que viven no estranxeiro como, por exemplo, é capaz de realizar transaccións sinxelas en tendas, oficinas de correos ou bancos; é capaz de conseguir información sinxela sobre viaxes; emprega o transporte público (autobuses, trens e taxis); pide información básica, pregunta e explica como se vai a un lugar e compra billetes; pide e proporciona bens e servizos cotiáns.*

#### **Nivel A1**

*Considérase o nivel máis baixo do uso xenerativo da lingua, o punto no que o alumno é capaz de interactuar de forma sinxela, facer preguntas e contestar sobre si mesmo, sobre o lugar onde vive, sobre as persoas que coñece e sobre as cousas que ten; realiza accións sinxelas en áreas de necesidade inmediata ou relativas a temas moi cotiáns e é capaz de responder a cuestións dese tipo cando llas formulan a el, en lugar de depender simplemente dun repertorio moi limitado, ensaiando e organizando lexicamente frases que se empregan en situacións concretas.*

3º nivel de concreción 

--	--	--

De necesitar información máis detallada, os avaliadores poden consultar as escalas que consideren pertinentes dos capítulos 4º e 5º do Marco.

Capítulo 4: Actividades comunicativas da lingua e estratexias

Expresión

Oral	Escrita	Estratexias
<b>-xeral</b> -monólogo sostido: descripción de experiencias -monólogo sostido: argumentación -declaracións públicas -falar en público	<b>-xeral</b> -escritura creativa -informes e redaccións	-planificación -compensación -control e corrección

Comprensión

Auditiva	De lectura	Audiovisual	Estratexias
<b>-xeral</b> -comprender conversacións entre falantes nativos -escoitar conferencias e presentacións -escoitar avisos e instrucións -escoitar retransmisións e material gravado	<b>-xeral</b> -ler correspondencia -ler para orientarse -ler en busca de información e argumentos -ler instrucións	-ver televisión e cine	-identificación das claves e inferencia

Interacción

Oral	Escrita	Estratexias
<b>-xeral</b> -comprender a un interlocutor nativo -conversación -conversación informal, (con amigos) -conversación formal e reunións de traballo -colaborar para alcanzr un obxectivo -interactuar para obter bens e servizos -intercambiar información -entrevistar e ser entrevistado	<b>-xeral</b> -escribir cartas -notas, mensaxes e formularios	-tomar a palabra -cooperar -pedir aclaracións.

Capítulo 5: As competencias comunicativas da lingua

Lingüísticas	Sociolingüística	Pragmáticas
<b>-xeral</b> -riqueza de vocabulario -dominio do vocabulario -corrección gramatical -dominio da pronunciación -dominio da ortografía	-adecuación	-flexibilidade -quendas de palabra -desenvolvemento de descripcións e narracións -coherencia e cohesión -fluidez oral -precisión

Avaliación da expresión oral

	<i>Alcance</i>	<i>Corrección</i>	<i>Fluidez</i>	<i>Interacción</i>	<i>Coherencia</i>
<i>B2</i>	<i>Ten un nivel de lingua amplo de abondo como para poder ofrecer descrições claras e expresar puntos de vista sobre temas xerais sen que se lle note que ten que buscar palabras adecuadas e sabe empregar oracións complexas para conseguilo.</i>	<i>Demostra un control gramatical relativamente alto. Non comete erros que provoquen a incomprensión e corrixe case todas as súas incorreccións.</i>	<i>É capaz de producir fragmentos de discurso cun ritmo bastante uniforme, aínda que pode dúbida mentres busca estruturas ou expresións. Non se observan pausas longas.</i>	<i>Pode principiar o discurso, empregar a súa quenda de palabra no momento adecuado e finalizar unha conversa cando ten que facelo, aínda que pode que non o faga sempre con elegancia. Pode colaborar en conversas que traten temas cotiáns confirmando a súa comprensión, invitando aos demais a participar, etc.</i>	<i>Pode empregar un número limitado de mecanismos de cohesión para converter as súas frases nun discurso claro e coherente, aínda que pode mostrar certo nerviosismo se a intervención é longa.</i>
<i>B1</i>	<i>Ten un repertorio lingüístico amplo de abondo como para desenvolverse e un vocabulario adecuado para expresarse, aínda que un tanto dubitativamente e con circunloquios, sobre temas tales como a súa familia, as súas afeccións e intereses, o seu traballo, as súas viaxes e acontecementos actuais.</i>	<i>Emprega con razoable corrección un repertorio de fórmulas e estruturas de uso habitual e asociadas a situacións predicibles.</i>	<i>Pode manter unha conversa falando de forma comprensible, aínda que sexan evidentes as súas pausas para realizar unha planificación gramatical e léxica e para facer correccións, sobre todo en períodos longos de expresión libre.</i>	<i>É capaz de iniciar, manter e rematar conversas sinxelas cara a cara sobre temas cotiáns de interese persoal. Pode repetir parte do que alguén dixo para confirmar a comprensión mutua.</i>	<i>É capaz de enlazar unha serie de elementos breves, diferenciados e sinxelos para formar unha secuencia lineal de ideas relacionadas.</i>
<i>A2</i>	<i>Emprega estruturas básicas con expresións, grupos dunhas poucas palabras e fórmulas memorizadas co fin de comunicar información limitada en situacións sinxelas e cotiás.</i>	<i>Emprega algunhas estruturas sinxelas correctamente, pero aínda comete sistematicamente erros básicos.</i>	<i>Faise entender con expresións moi breves, aínda que resultan moi evidentes as pausas, as dúbidas iniciais e a reformulación.</i>	<i>Pode contestar preguntas e responder a afirmacións sinxelas. Pode indicar cando comprende unha conversa, pero apenas comprende o suficiente para manter unha conversa por decisión propia.</i>	<i>É capaz de enlazar grupos de palabras con conectores sinxelos tales como e, pero e porque.</i>
<i>A1</i>	<i>Ten un repertorio básico de palabras e frases sinxelas relativas aos seus datos persoais e a situacións concretas.</i>	<i>Demostra un control limitado dunhas poucas estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións dentro dun repertorio memorizado.</i>	<i>Só manexa expresións moi breves, illadas e preparadas de antemán, empregando moitas pausas para buscar expresións, pronunciar palabras menos habituais e corrixir a comunicación.</i>	<i>Pode formular e contestar preguntas relativas a datos persoais. Pode participar nunha conversa de forma sinxela, pero a comunicación baséase totalmente na repetición, reformulación e corrección de frases.</i>	<i>É capaz de enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores moi básicos e lineais como e e entón.</i>

